



Guía Docente

Datos Identificativos				
Asignatura (*)	Lingua Española 1	Código	2020/21 613G03001	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Veleiro Perez, Ana Maria	Correo electrónico	ana.veleiro@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Garcia, Luis Rojo Mejuto, Natalia Veleiro Perez, Ana Maria	Correo electrónico	luis.gonzalezg@udc.es natalia.rojo@udc.es ana.veleiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo descritivo e instrumental da lingua española. Elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se prevén modificacións nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Sesión maxistral - Lecturas - Solución de problemas - Obradoiro</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican - Eventos científicos e/ou divulgativos (en caso de confinamento non será posible acudir a actos públicos). - Proba mixta (non se realizará. A avaliación destes contidos distribúese entre as metodoloxías solución de problemas e obradoiro).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado -Correo electrónico. Diariamente. Utilizarase para atender as consultas de tipo particular do alumnado. -Moodle. Varias veces por semana, segundo as necesidades. Usarase para proporcionar ao alumnado o material necesario para a docencia e avaliación. Tamén se utilizarán distintos tipos de foros para resolver consultas de carácter colectivo sobre a elaboración das actividades ou sobre o contido das sesións expositivas. -Teams. Semanalmente. A docencia expositiva e interactiva realizarase mediante videoconferencia no horario aprobado pola xunta de facultade. OBRADOIRO: Realizarase en Moodle, mediante actividades interactivas deseñadas para que o alumnado poida aplicar o contido teórico á práctica, así como exercicios individuais ou grupais.</p> <p>4. Modificacións na avaliación En caso de docencia non presencial variará a porcentaxe dos sistemas de avaliación do seguinte xeito: - Proba mixta. Elimínase. - Solución de problemas. Sube a súa porcentaxe na avaliación de 30 % a 60%. - Obradoiro. Sube a súa porcentaxe na avaliación de 20 % a 40 %.</p> <p>*Observacións de avaliación: O apartado solución de problemas pasa a valer o 60 %. Constará de tres probas que se realizarán telematicamente de forma asíncrona mediante Office Forms ou Moodle: - Test de morfoloxía e clases de palabras (20 %) - Test de grupos sintácticos, de funcións da oración simple y de diátese (20 %) - Análise de oración composta (20 %) O obradoiro pasa a valer o 40 %. Os catro exercicios coas correspondentes instrucións serán remitidos por Moodle.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.



A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e aplicar as técnicas de composición de diferentes tipos de textos.	A2 A9 A11	B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C3 C7
Coñecer e aplicar os principais mecanismos de descrición e análise dos compoñentes gramaticais e léxico-semánticos do español.	A1 A3 A11 A14 A15	B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10	C4 C6 C7 C8



Producir textos orais e escritos dotados de cohesión e coherencia, e adecuados á situación comunicativa.	A5	B1	C1
	A9	B2	C3
	A10	B3	C4
	A11	B4	C7
		B6	
		B7	
	B10		

Contidos	
Temas	Subtemas
I. ESTUDO DESCRIPTIVO DA LINGUA	1. O COMPOÑENTE MORFOLÓXICO 2. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (I). As clases de palabras e os grupos sintácticos 3. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (II). A oración simple 4. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (III). A oración composta 5. O TEXTO
II. ESTUDO INSTRUMENTAL. ELABORACIÓN DE TEXTOS	1. O PROCESO DE COMPOSICIÓN DE TEXTOS 2. ELABORACIÓN DE TEXTOS ACADÉMICOS

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C4 C6 C7 C8	18	28	46
Lecturas	A1 A3 A9 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C6 C8	3	18	21
Solución de problemas	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C6	16	30	46
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A14 A15 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C3 C8	7	14	21
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A9 B1 B3 B7 B9 C6	2	0	2
Proba mixta	A1 A5 A9 A10 A15 B4 B5 B6 B10 C1 C6	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns de carácter expositivo (grupo grande). A profesora presentará os temas e desenvolverá os apartados que se consideren de especial dificultade.



Lecturas	O alumno preparará, fóra de clase, las lecturas que a profesora indique.
Solución de problemas	Exercicios prácticos, como pequenas probas, por exemplo, nos que se aplicarán os contidos do temario. Propónse unha metodoloxía activa, o que supón que o estudante implíquese na aprendizaxe e traballe con asiduidade.
Obradoiro	Desenvolverase un obradoiro de composición de textos. O obradoiro sustentarse basicamente no traballo persoal de cada alumno e no traballo grupal; sexa nun caso ou sexa no outro, a profesora tutelaré constantemente a aprendizaxe do estudante.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) que permiten profundizar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia.
Proba mixta	Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade. Nesta proba avaliarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica. Así mesmo, valorarase notablemente o rigor e a corrección no uso da lingua.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Obradoiro Solución de problemas Proba mixta	<p>Fomentarase as titorías para todas as metodoloxías que o requiran, como as actividades que precisen dunha fase de preparación e seguimento. Así mesmo, atenderase aos alumnos ao longo de todo o curso para resolver dúbidas da materia, tanto para a primeira edición de actas como para a segunda. Finalmente, analizaranse tamén individualizadamente os resultados das actividades, probas...</p> <p>As titorías poderanse levar a cabo persoalmente ou mediante correo electrónico. No primeiro caso, os alumnos acudirán ao gabinete da profesora no horario establecido, que se fará público a principio de curso.</p> <p>A atención personalizada aos alumnos levarase a cabo tamén nas sesións de grupo reducido, nas que a profesora poderá supervisar individualmente o desenvolvemento das actividades por parte dos estudantes.</p> <p>A posible atención a alumnos con necesidades especiais abordarase desde esta perspectiva de atención individual, ben en titorías, ben en clase. Se é preciso deseñaranse actividades especiais.</p> <p>Polo que respecta aos alumnos con dispensa académica recoñecida, adicarase as sesións de titoría (presencial ou por correo electrónico) para o seguimento da súa actividade académica.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A14 A15 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C3 C8	Valorarase a produción de textos dotados de coherencia e cohesión, adecuados á situación comunicativa e correctos. O obradoiro avaliarase mediante unha tarefa dacordo coas indicacións que se farán públicas a través de Moodle nos primeiros días do curso.	20
Solución de problemas	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C6	Avaliación de actividades e probas que se realizarán a lo longo do cuadrimestre.	30
Proba mixta	A1 A5 A9 A10 A15 B4 B5 B6 B10 C1 C6	Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade. Neste exame evaluaranse todos os temas incluídos no estudo descriptivo da lingua (primeiro bloque do temario). Valorarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica.	50



Observacións avaliación

- Para superar a materia, a cualificación mínima da proba mixta deberá ser de 4 puntos sobre 10.
- Cualificarase como "non presentado" quen non se presente ao exame final oficial nin na primeira oportunidade (mes de xaneiro) nin na segunda (finais de xuño-xullo), independentemente do número de actividades entregadas.
- Na segunda oportunidade poderanse recuperar os instrumentos de avaliación arriba descritos (solución de problemas en conxunto; obradoiro e proba mixta) coas mesmas porcentaxes que na primeira oportunidade. Ao finalizar as clases do segundo cuadrimestre, os profesores formularán a través de Moodle as actividades para a recuperación da "Solución de problemas" e do "Obradoiro".
- Na convocatoria adiantada de decembro a avaliación consistirá nun exame teórico-práctico.
- Os traballos ou actividades entregaranse como se indique en cada caso. O estudante comprométese a gardar unha copia de cada traballo, en previsión de problemas na recepción. Deben entregarse no prazo fixado.
- Para aprobar a materia, as actividades, os textos e os exames deben cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.). Faltas de ortografía como uso incorrecto de acentos, puntuación etc. descontarán 0,2 puntos; no caso das faltas graves, descontaranse 0,5 puntos.
- O plaxio (é dicir, a utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a fonte de procedencia), mesmo parcial, ou calquera outra falta de honradez académica, dará lugar á descalificación automática da actividade ou da proba.
- Alumnos con dispensa académica recoñecida. Aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación. Deben contactar cos profesores antes de finalizar o mes de setembro.
- Alumnos que precisan medidas de apoio á diversidade. Aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación (coa implementación e flexibilidade que requira a situación concreta do estudante).
- Alumnos erasmus e de outros programas de intercambio. Recoméndase un nivel equivalente a B1 como mínimo para matricularse na materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2005 Diccionario panhispánico de dudas Madrid: Espasa Calpe. En línea en http://lema.rae.es/dpd/ Libro Gómez Torrego, Leonardo 2010 Gramática didáctica del español Madrid: SM Libro Gutiérrez Araus, M.^a Luz et al. 2005 Introducción a la lengua española Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces Libro Montolío, Estrella (Dir.^a) 2014 Manual de escritura académica y profesional Barcelona: Ariel Libro Andión Herrero, M.^a Antonieta 2005 Modalidades textuales, en Gutiérrez Araus et al., 2005: 345-360 Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces Capítulo de libro Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2010 Nueva gramática de la lengua española. Manual Madrid: Espasa Calpe Libro Sánchez Lobato, Jesús (coord.) 2006 Saber escribir Madrid: Aguilar Libro Briz, Antonio (coord.) 2006 Saber hablar Madrid: Aguilar. Libro Serrano Serrano, Joaquín 2002 Guía práctica de redacción Madrid: Anaya Libro Aleza izquierdo, Milagros (coord.^a) 2011 Normas y usos correctos en el español actual Valencia: Tirant lo Blanch Libro Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2001 Diccionario de la lengua española Madrid: Espasa Calpe. En línea en http://lema.rae.es/drae/ Libro Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2012 Ortografía básica de la lengua española Barcelona: Espasa Libros Libro Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2011 Nueva gramática básica de la lengua española Barcelona : Espasa Libros Libro Rojo, Guillermo y T. Jiménez Juliá 1989 Fundamentos del análisis sintáctico funcional Santiago: Universidad Libro Hernanz, M^a Lluïsa y J. M^a Brucart 1987 La Sintaxis Barcelona: Crítica Libro Varela Ortega, Soledad 2005 Morfología léxica: la formación de palabras Madrid: Gredos Libro Aguirre, Carmen 2013 Manual de Morfología Barcelona: Castalia Libro Os alumnos deben estar atentos con asiduidade á plataforma Moodle da UDC, na que se depositará material necesario para o adecuado seguimento da materia: esquemas, exercicios, lecturas, etc.</p>
Bibliografía complementaria	En cada tema proporcionarase bibliografía específica.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións
Para o aproveitamento óptimo dos recursos docentes proporcionados recoméndase a asistencia a todas as clases, tanto ás sesións expositivas, nas que se explican os contidos principais da materia, como ás clases interactivas, nas que se traballa na aplicación dos contidos teóricos, e tamén ás clases de grupos reducidos nas que, mediante obradoiros, se practicarán cuestións relevantes da materia.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías